


**MARIÑO PAZ, RAMÓN. FONÉTICA E FONOLOXÍA  
HISTÓRICAS DA LINGUA GALEGA**

Alexandre Rodríguez Guerra (Universidade de Vigo)  
[xandre@uvigo.gal](mailto:xandre@uvigo.gal)



MARIÑO PAZ, Ramón. *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais, 2017. 699p.

[https://www.todostusbros.com/libros/fonetica-e-fonoloxia-historicas-da-lingua-galega\\_978-84-9121-187-7](https://www.todostusbros.com/libros/fonetica-e-fonoloxia-historicas-da-lingua-galega_978-84-9121-187-7)

No ano 2017 escribín que estaba agardando “con expectación” (Cf. RODRÍGUEZ GUERRA, 2017: 148) a saída do prelo do libro de MARIÑO PAZ, 2017. Dende o mesmo momento en que o tiven nas mans a expectación volveuse fonda admiración por unha obra que se sitúa no nivel da excelencia.

Non é a primeira vez, e sabemos que non vai ser a última, que o seu autor nos sorprende cun texto chamado a se converter nun referente no seu eido. Dezanove anos antes, Mariño Paz agasallounos cunha *Historia da lingua galega* que supuxo un antes e un despois na aproximación a esa disciplina dende a vertente galega. De primeiras e grazas a esa obra, Mariño Paz encheu unha lagoa bibliográfica galega secular e conseguiu un texto dunha calidade máxima, para deleite da lingüística propia e foránea. O autor noiés volveuno conseguir: cento oito anos despois da publicación dos *Elementos de gramática histórica galega*, de Vicente García de Diego, e vinte e dous dende a *Gramática histórica galega*, de Manuel Ferreiro, Mariño Paz puxo nas nosas mans un volume de case sete centos de páxinas destinado a ser, xa o é, unha obra imprescindible no estudo e coñecemento da fonética e fonoloxía galegas (e, xa que logo, portuguesa e románica) dende a perspectiva histórica.

Trátase dunha obra voluminosa, publicada con moito esmero pola editorial Xerais, que, coa súa aparición, materializa un dos tres pés de que consta o proxecto de Gramática Histórica Galega do Instituto da Lingua

Galega. Quero ir entrando en materia a través dalgúns datos numéricos que reflecten a laboriosidade deste traballo: máis de 50 táboas orixinais (que translocen o interese do autor por amosar estruturadamente unha boa cantidade de información), unha bibliografía, citada, integrada por máis de cincocentos títulos de máis de douscentos setenta autores diferentes (que demostra o amplo coñecemento que da súa disciplina posúe Mariño Paz) e un índice con case nove mil palabras (que pon de manifesto a preocupación do investigador por certificar as argumentacións a través do maior número posible de exemplos dispoñibles).

Falando de exemplos, é preciso que destaque unha das principais características que fan desta unha obra única e que subliña a transcendencia do seu método: o fío condutor do traballo está constituído pola análise nas distintas etapas dos corpus textuais que chegaron a nós, de aí a relevancia de recursos informáticos como o *RILG*, o *TILG* ou o *TMILG*. Mais non só, porque na bibliografía final tamén se recompilan as fontes de estudo citadas: máis de noventa referencias do galego medieval e latín vulgar, e máis de cincuenta do galego medio (para o galego contemporáneo as fontes directas citadas pertencen basicamente á primeira metade do s. XIX e a elas súmanse obras gramaticais, lexicográficas e dialectais).

Convén insistir nesta escolla metodolóxica: os exemplos non constitúen só simples engadidos dos puntos temáticos que se desenvolven. Non: son eles o eixe sobre o que pivota toda a explicación e o seu estudo directo, enriquecido coas reflexións propias do autor ou doutros traballos precedentes, conforma a verdadeira cerna expositiva deste libro.

Verbo das decisións que tivo que afrontar Mariño Paz á hora de deseñar esta magna monografía, unha das principais foi a elección do fío condutor a partir do cal describir todos os fenómenos fonético-fonolóxicos considerados. A escolla final non defrauda: é o paso do tempo o que vertebra os grandes capítulos desta obra. Así, non van ser os xa tradicionais procesos (trans/des)fonoloxizadores que levaron dun fonema, latino, a outro, galego, os que articulen a exposición.

Xa que logo, cantas fases ou períodos se teñen en conta? Mariño Paz estableceu tres, máis por necesidade ca por convicción, como el mesmo explica, dada a falta de información (fiable) e de estudos das etapas máis afastadas da nosa historia lingüística. Estes tres períodos, que van do capítulo II ó IV, denomínanse “do latín ó galego medieval”, do “galego medio” e do “galego contemporáneo”. A súa extensión temporal é moi desigual pois, mentres o primeiro abrangue dezasete séculos (do II a.d.n.e.

ó XV d.d.n.e.), o segundo ocupa tres (do XVI ó XVIII) e o terceiro pouco máis de dous (do XIX á actualidade). De xeito proporcional, as páxinas dedicadas a cada un tamén varían: máis de trescentas para a primeira fase, cen na segunda e cincuenta na terceira.

A maiores, Mariño Paz obséquianos cun primeiro capítulo, dun cento de páxinas, sobre variación e mudanza lingüísticas. Nel, entre outros contidos, desenvólvense conceptos chave do cambio das linguas, como son as motivacións, o xeito de difusión ou a tipoloxía das innovacións lingüísticas (exemplificando sempre e en todo momento con casos procedentes da lingüística histórica galega). Son especialmente atraentes o que se dedica ás fases da mudanza lingüística (magnificamente representadas con dúas táboas que recollen as distintas etapas e resultados do cambio que levan do latín CANES e CANTÁTIS ás diversas formas galegas de todas as épocas) e o exhaustivo repaso crítico das fontes existentes para o estudo histórico da lingua galega.

Así mesmo, cada un dos tres capítulos centrais do libro vai introducido por unhas poucas páxinas en que se debuxa, a través dos trazos esenciais, o contexto sociolingüístico que permite situar nun marco histórico-social concreto todos os procesos de mudanza lingüística estudados.

Dentro do espléndido panorama deseñado e ó longo de todo o traballo, Mariño Paz é fiel ós tres principios básicos enunciados (p. 77) que subliñan que os espazos variacionais, en xeral e en cada unha das grandes fases históricas consideradas en particular, son complexos, moi dinámicos e, neles, as mudanzas lingüísticas pódense acabar consumando ou non.

Certamente, o capítulo II constitúe a medula desta obra. Nel establécense dúas estremeiras inequívocas, o latín clásico e o galego medieval, que son os dous apoios que nunca faltan nos exemplos dos diferentes fenómenos estudados (exemplos que tamén recollen a variación documentada). A primeira conformará metodicamente o punto de partida de todas as explicacións e virá seguida practicamente sempre das innovacións lingüísticas identificadas como latinovulgares. A segunda, exemplificada –sistemática e ordenadamente– coas distintas solucións galegas dos séculos XIII, XIV e XV, adoita vir precedida por información sobre a situación do romance galego nos séculos inmediatamente anteriores.

Este capítulo, o II, fóra da introdución inicial sobre o contexto sociolingüístico, divídese en seis subcapítulos que responden realmente a dúas grandes áreas de estudo: o vocalismo (ó que se lle dedican os cinco primeiros) e o consonantismo (o último). Aqueles son un dos mellores exemplos do ben construído que está todo o libro e, así, para a descrición e interpretación das innovacións no vocalismo Mariño Paz establece unha quíntupla división: vocalismo tónico, átono, vogais nasais, hiatos e ditongos. Coas vogais tónicas, alén de describir as evolucións “non sometidas a procesos de indución fonética” (pp. 110-117) e de observar o comportamento nos vocábulos (semi)cultos, dedícalles doce subepígrafes ós condicionantes fonéticos que interferiron na evolución das vogais tónicas. Entre eles están os procesos de alteración do grao de abertura (elevación/pechazón ou descenso/abertura) provocados por vogais átonas finais, as inflexións debidas a outras vogais en contacto ou a consoantes nasais posnucleares etc. Cómpre subliñar que Mariño Paz desenvolve argumentadamente todas estas innovacións á marxe de que se trate de solucións estándares ou dialectais con maior ou menor extensión –como a inflexión de /e/ por /-e/ átono final. En todas as ocasións o autor realiza unha minuciosa descrición dos distintos resultados medievais (se non se coñece documentación antiga empréganse rexistros máis modernos) a partir da identificación de todos os étimos, explicando as diverxencias e atendendo ás variantes, incluídas as que nos proporcionan os modernos estudos dialectais.

Mais hai un capítulo que quero destacar por riba dos demais. Un capítulo que me gusta de xeito especial e que condensa o maxistral xeito de investigar de Mariño Paz. Trátase do capítulo dedicado ós “efectos do iode” sobre as vogais tónicas. Estrutúrase en dúas grandes subepígrafes, en función de que o iode sexa heterosilábico ou homosilábico. A partir de aí, e sempre tendo en conta a(s) consoante(s) dos distintos grupos (así como a posible transmisión semiculta dalgunha voz), estúdase sistematicamente se o iode produciu ou non inflexión das vogais tónicas con que se combinou. Na fin deste capítulo inclúese unha recapitulación (pp. 148-152) que permite enxergar con total nitidez cal foi o comportamento do galego medieval dende esta perspectiva: co iode heterosilábico rexístrase unha inflexión case sistemática das vogais tónicas medias abertas, inflexión que non é tan acusada coas vogais medias pechadas e que está ausente da vogal /a/; co iode homosilábico esta última vogal e as medias abertas amosáronse especialmente receptivas á acción do iode e, entre as medias pechadas, distínguese entre as velares, máis receptivas ós efectos deste iode, e as anteriores, máis resistentes. Estas conclusións constitúen

unha suxestiva “escala de resistencia ou sensibilidade das vogais tónicas á acción do iode” (p. 151).

Do resto de seccións dedicadas ó vocalismo destacaréi a centrada nas vogais átonas, que se estudan a partir das tres posicións básicas: pretónica inicial, pretónica e postónica internas e átona final. En todas elas realízase, con precisión cirúrxica, un repaso exhaustivo polas distintas opcións evolutivas: por exemplo, para as pretónicas iniciais considéranse os casos de mantemento da vogal etimolóxica, as vogais medias abertas tras coalescencia, os casos de oposición entre vogais medias abertas e pechadas, fenómenos de perda (aférese e síncope) ou de alteración (harmonización, elevación por iode, disimilación, asimilación e labialización), todo isto sen desatender as vogais concretas que interveñen e o posible carácter (semi)culto das palabras. Para a posición átona final destaco especialmente o seguimento que se fai das formas con /-i/ e mais da apócope de /-e/, perfectamente estudada.

Con respecto á evolución das consoantes latinas no seu camiño cara ó galego medieval, Mariño Paz inicia a súa exposición cunha presentación do sistema consonántico latino (táboa da p. 304), pero non se limita a enumerar os fonemas que o integran senón que realiza un repaso polos trazos opositivos dese sistema, tampouco rexeita falar do discutido status fonolóxico das labiovelares, do iode ou do wau, engade unha descrición fonética das fricativas, nasais e líquidas, e incorpora unha completa aproximación ós grupos consonánticos latinos. Despois, o autor presenta o sistema consonántico inicial do galego medieval (táboa da p. 315) e estrutura as innovacións consonánticas ó redor de tres grandes subcapítulos:

–No primeiro desenvolve polo miúdo un dos principais cambios no sistema, o dos procesos palatalizadores que orixinaron a aparición dunha nova serie de fonemas consonánticos. A partir deles ofrécese unha demorada explicación dos distintos pares de fonemas sibilantes, africados e fricativos, do galego medieval. Realízase un exhaustivo repaso das súas orixes latinas e, alén doutros datos importantes como os que se refiren ás representacións gráficas destes fonemas sibilantes, quero resaltar o tratamento dos resultados intervocálicos de [tj] e [kj], xordo /ts/ ou sonoro /dz/, e a xustificación dos primeiros a partir da “xeminación consonántica ante iode” (p. 320). Tamén son moi esclarecedoras as explicacións de como se produciron os procesos de desafricación e desonorización dos fonemas sibilantes (pp. 343-349).

—O segundo céntrase nos casos de lenición consonántica en “posición intervocálica ou entre vogal e consoante líquida” (p. 355). Unha boa proba do *savoir-faire* do autor constitúea a completa táboa da p. 357, que recolle os procesos lenitivos das consoantes latinas (organizadas segundo o seu punto e modo de articulación), divididos en tres bloques en función das consoantes latinas de que se parta: longas, xordas breves ou sonoras breves. Cómpre salientar a perspectiva global adoptada por Mariño Paz, que non se limita a restrinxir as súas reflexións á, tradicional, lenición das consoantes só oclusivas. No esclarecemento do fenómeno pártese, por suposto, da “perda de tensión articulatória que acusticamente se manifesta como unha diminución da duración” (p. 357). É preciso destacar tamén as epígrafes dedicadas tanto ás motivacións da lenición consonántica coma ó betacismo, expoñentes tan claros como actuais do *status quaestionis* de ambos os temas, nos que o propio Mariño Paz non elude ofrecer a súa propia visión, sempre razoada, dos feitos.

—O terceiro, que realmente son dous, xira ó redor da estrutura da sílaba e nel caracterízanse os sons que poden aparecer no ataque silábico (basicamente (semi)consoantes mais tamén se fala dos hiatos), e analízase o proceso, tamén lenitivo, sufrido polas consoantes na coda silábica. Finaliza este bloque cunha recapitulación moi ilustrativa sobre o comportamento de vogais e consoantes na coda silábica dos vocábulos patrimoniais (pp. 424-426).

Non quero concluír esta rápida aproximación ó capítulo II sen chamar a atención sobre un feito: como se acaba de comprobar, o fío condutor das diferentes seccións non está conformado por cada unha das vogais ou consoantes, senón por unha serie de fenómenos fonético-fonolóxicos de gran repercusión. Agora ben, quen quixer recuperar a evolución específica dalgún fonema vocálico/consonántico latino ou romance poderao facer sen moito esforzo grazas, por unha banda, ós milleiros de exemplos empregados e recollidos alfabeticamente no índice final e, por outra, á escrupulosa secuencialización expositiva que non amorea os fonemas en cada un dos puntos tratados senón que os vai distribuíndo ordenadamente (o que facilita a súa localización).

No capítulo III, focalizado no galego medio, Mariño Paz, ademais da introdución sobre a situación sociolingüística deses tres séculos, desenvolve catro temas sobre o vocalismo (inestabilidade do vocalismo átono, a finalización do proceso de desnasalización vocálica, os hiatos interiores e mais os ditongos decrecentes) e outros catro consonánticos (procesos que lle afectaron ó subsistema de sibilantes, a gheada, a

deslateralización de /k/ e o tratamento das dúas marxes silábicas –ataque e coda–). Que Mariño Paz é un dos máximos especialistas no galego dos séculos escuros advírtese en cada parágrafo deste capítulo, non hai máis que ver, por exemplo, a magnífica exposición dedicada ós primeiros testemuños da gheada (pp. 491-498).

Por último, no capítulo IV, á parte do consabido limiar sobre a situación sociolingüística do galego contemporáneo, preséntase un elenco coas principais innovacións no sistema vocálico, que coinciden con algunhas características do “galego popular”, recollidas no *Atlas Lingüístico Galego*, que “mostran o mantemento de certas constantes históricas do sistema vocálico galego” (p. 541), xa incluídas na caracterización dos períodos precedentes. Verbo do consonantismo, Mariño Paz préstalles a súa atención ó subsistema das sibilantes, á gheada e á fricativa velar xorda, á síncope de /d/ en *-ado(s)*, á deslateralización de /k/, ó fortalecemento de /i/ intervocálico e ós grupos consonánticos –homosilábicos e heterosilábicos. Finaliza este capítulo cunha rápida reflexión sobre os “modelos de entoación castelanzante” (p. 578).

Todo o anterior ofréceo Mariño Paz envolto nunha redacción clara e precisa, formalmente exquisita e onde case é misión imposible atopar algunha gralla. Esta precisión alcanza tamén a exactitude terminolóxico-conceptual e o uso das convencións gráficas para referirse a grafías <>, sons [ ] e fonemas // . Como xa sinaléi, non hai proceso evolutivo que non presente exemplos suficientes (sempre coa tipografía adecuada), impecablemente localizados nas fontes e con información de natureza cronolóxica, tanto absoluta coma relativa. En todo caso, esta acumulación demostrativa non se fai nada pesada porque está acompañada de táboas ou esquemas clarificadores, de explicacións, demoradas cando o tema o esixe, e de hipóteses xustificativas.

Neste sentido, insisto no uso maxistral que se fai da bibliografía, ben acoplada nunha estrutura uniforme, sen que en ningún caso se poida interpretar como unha colaxe de contribucións soltas (propias –editadas, como se verifica na bibliografía con máis de trinta títulos espallados ó longo de case 25 anos de traballo ininterrompido, ou inéditas, como se confirma, por exemplo, co visto para a inflexión da vogal tónica por iode– ou alleas). Todo este vasto coñecemento non repercute en absoluto nunha falta de unidade, máis ben ó contrario: estamos diante dun traballo de autor que sabe manexar á perfección, sempre en función dos intereses temáticos, ese caudal bibliográfico, e o resultado final é tan sólido como homoxéneo e irreprochable.

Dous séculos e medio despois dos *Elementos etimológicos según el método de Euclides*, estou certo de que frei Martín Sarmiento se sentiría tremendamente orgulloso desta obra de Mariño Paz, que vería como o mellor dos colofóns do seu ensaio inaugural. En verdade, a lingüística histórica –galega e románica– está de celebración..

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

MARIÑO PAZ, Ramón. *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais, 2017. 699p.

RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre. Recensión de R. Mariño Paz e X. Varela Barreiro (eds). *A lingua galega no solpor medieval*, 2016, *Estudos de Lingüística Galega*, 9, 148-52.